

ROTEIRO POLA CORUÑA GALEGUISTA DO ALUMNADO DE 4º ESO

O alumnado de 4º ESO levou a cabo unha saída didáctica para coñecer os lugares emblemáticos da Coruña que tiveron importancia na historia do galeguismo. Repartidos en tres grupos, realizamos a visita os días 20, 24 e 29 de marzo. Acompañados por profesorado dos departamentos de Lingua e Literatura Galegas (Benigna Vidal Tomé, Beatriz González-Moro e Dulce Fernández Graña), Economía (Alejandro Costoya) e Xeografía e Historia (Belén Sotelo), realizamos o percorrido a pé entre o instituto e a Cidade Vella, deténdonos nos lugares sinalados pola historia do galeguismo na cidade, nomeadamente o lugar de fundación da Editorial Nós na rúa Real, ou no local onde se fundou a primeira Irmandade da Fala en 1916 denominada “A Cova Céltica”, situada na rúa da Franxa. Continuamos pola Praza do Humor, onde se rende homenaxe aos nosos autores máis retranqueiros, e como non podía ser doutra maneira, saudamos a Risco, Castelao, Cunqueiro e o seu Gatipetro.

En cada parada o alumnado rendeu homenaxe á memoria dos escritores e escritoras homenaxeados/as lendo textos e recitando poemas, mentres os/as asistentes inmortalizabamos cada momento. A estatua que homenaxea a figura senlleira de María Pita, a casa onde viviron Rosalía de Castro e Manuel Murguía e familia, a de Francisca Herrera Garrido, e o Xardín de San Carlos onde está soterrado Sir John Moore, foron outros lugares onde rendemos homenaxe ás nosas sobranceiras figuras.

Así mesmo, fixemos parada obrigada na Real Academia Galega e na Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, na rúa Tabernas, onde esta vez quedamos ás portas sen podermos percorrer o interior do edificio, xa que se encontra en obras. Contemplamos desde o Xardín de San Carlos a fermosa estampa da cidade e rendemos homenaxe a Sir John Moore con versos de Rosalía. Xa no camiño de volta, recitamos os últimos poemas nos xardíns de Méndez Núñez, ao pé do imponente monumento de Asorey a Curros Enríquez, e diante da efixie do bardo Eduardo Pondal.

Chegamos ao instituto cos pés cansos mais o espírito enriquecido por unha nova percepción da nosa cidade.

Departamento de Lingua e Literatura Galegas

IES Plurilingüe Eusebio da Guarda